



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Ceruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 431/2015, DO 4 DE AGOSTO.

Mediante Resolución de Alcaldía nº 364/2015 do 7 de xullo aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, de 3 PEÓNS para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais no Concello de Cabana de Bergantiños.

Transcorrido o prazo de 6 días naturais a contar dende a publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no xornal "La Voz de Galicia" e na web do Concello, tal como establecían as bases.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 391/2015 do 16 de xullo onde se aprobou a lista definitiva de admitidos e excluídos para 3 PEÓNS de incendios, e onde se convocaba aos aspirantes para a realización da proba física de esforzo (proba do banco) o venres día 17 de xullo as 8:15h da mañán na Clínica Vimianzo Saúde.

Vista a acta nº 1 do tribunal de selección con data do 17 de abril do desenvolvemento da proba física realizada o día 17 de xullo de 2015 ás 8:15h en Vimianzo e vistos os resultados da mesma valorados e contrastados polos profesionais da Clínica Vimianzo Saúde, na que aparece a calificación dos aspirantes de aptos e non aptos.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 399/2015 do 17 de xullo na que o martes 21 de xullo foron convocados os aspirantes a PEÓNS que superaron a proba física, á realización da entrevista persoal e a valoración de méritos por parte do tribunal de selección.

Vista a acta do tribunal de selección nº 2 do día 21 de xullo de 2015, onde por unanimidade dos seus membros aparecen reflectidas as valoracións da fase de oposición e a fase de concurso para 3 PEÓNS.

Vista a Resolución de Alcaldía 405/2015 do 22 de xullo, onde se publicou a valoración total dos aspirantes a peóns de incendios e se convocou aos aspirantes con maior puntuación que neste caso corresponden a D^a Julia Oanes Méndez, D^a Maruxa Blanco Touriño e D. Marcos Varela Pazos para a realización do recoñecemento médico o venres 24 de xullo ás 8:15h na Clínica Vimianzo Saúde.

Visto os informes médicos da Clínica Vimianzo Saúde con data do 28 de xullo asinados polo médico colexiado nº 15/11659, con RE nº 1890,1891 e 1892 onde se indica que os candidatos D^a Julia Oanes Méndez, D^a Maruxa Blanco Touriño e D. Marcos Varela Pazos están aptos para a realización da actividade profesional como peóns de defensa contra incendios forestais.

Visto a Resolución de Alcaldía 415/2015 de adxudicación de prazas de incendios aos tres peóns coa maior puntuación, concedendo un prazo de 3 días hábiles para presentar a documentación.

Visto que a candidata a peón de incendios D^a Julia Oanes Méndez presentou a documentación, en forma e prazo, tal e como reflexan as bases xerais de selección para proceder a formalización do contrato (RE nº 1910/30 de xullo). Vistas as renuncias presentadas por D^a Maruxa Blanco Touriño (RE1903/30 de xullo), e D. Marcos Varela Pazos (RE 1916/30 de xullo) onde comunican ao Concello as súas renuncias as prazas de peóns de incendios.

Visto que segundo a acta do tribunal de selección do día 21 de xullo de 2015, os dous aspirantes na lista de reserva con maior puntuación acadada son D. Alejo Regueira Martínez e a D. Adrián Nuñel Ferreiro.

Vista Resolución de Alcaldía nº 421/2015 do 30 de xullo de 2015 onde se convocan a D. Alejo Regueira Martínez e a D. Adrián Nuñel Ferreiro para a realización do recoñecemento médico o día 31 de xullo de de 2015 na Clínica Vimianzo, sendo as dúas persoas que acadaron maior puntuación na listaxe de reserva.

Visto os informes médicos da Clínica Vimianzo Saúde con data do 3 de agosto asinados polo médico colexiado nº 15/11659, con RE nº 1935 e 1936 onde se indica que os candidatos D. Alejo Regueira Martínez e a D. Adrián Nuñel Ferreiro están aptos para a realización da actividade profesional como peóns de de defensa contra incendios forestais.

Visto que de conformidade coa cláusula novena das bases regularoras de selección, os aspirantes propostos D. Alejo Regueira Martínez (RE nº 1943 do 4 de agosto) e a D. Adrián Nuñel Ferreiro (RE nº 1944 do 4 de agosto) e D^a Julia Oanes Méndez (RE nº 1910 do 30 de xullo), presentaron a documentación esixida en forma e prazo, e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora de bases de réxime local, pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.: Nomear a **D. Adrián Nuñel Ferreiro, D^a Julia Oanes Méndez e a D. Alejo Regueira Martínez**, como persoal laboral temporal, para as 3 prazas no posto de **PEÓN DA BRIGADA DE INCENDIOS FORESTAIS** deste Concello, cunha duración de tres meses dende a sinatura do contrato, baixo as condicións establecidos nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía 364/2015 do 7 de xullo.

SEGUNDO.: Os restantes aspirantes quedarán como reservas nos casos de vacante ou renuncia ao posto do nomeado/a e pola orde da puntuación obtida no procedemento de selección.

TERCEIRO.: Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e extracto da mesma na web do Concello (www.cabana.gal) de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 364/2015 do 7 de xullo.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente don José Muño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o 4 de agosto de dous mil quince, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certifico.

O Alcalde
Asdo.: José Muño Domínguez.



A Secretaria en acumulación de funcións

Asdo.: Rosa Ana García Fernández

